

Mércores, 25 de setembro de 2024

Núm. 187

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Subvencións e axudas

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO DE 23/08/2024, POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2024.

EXTRACTO DEL ACUERDO DE LA JUNTA DE GOBIERNO DEL AYUNTAMIENTO DE VIGO DE 23/08/2024, PARA EL QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONES PARA EL FOMENTO DEL ASOCIACIONISMO Y LA PARTICIPACIÓN CIUDADANA PARA EL AÑO 2024.

BDNS(Identif.):786623

De conformidade con lo dispuesto en los artículos 17.3.be 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria, cuyo texto íntegro puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

De conformidade con lo dispuesto en los artículos 17.3.be 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria, cuyo texto íntegro puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMERO.- BENEFICIARIOS

Podrán participar en esta convocatoria pública las entidades que operan en el movimiento vecinal y están inscritas en los apartados 10.1 o 10.5 del Registro Municipal de Asociaciones (Asociaciones de Vecinos y Sociedades Culturales), que cumplen los requisitos y finalidad del mismo, promueven el asociacionismo y la participación ciudadana y tienen como ámbito de actuación el término municipal de Vigo, y cuyas actividades complementan las competencias municipales, mediante la realización de programas de actuación generales o específicos que sirvan para fortalecer la servicios que, en esta materia, presta el Ayuntamiento de Vigo.

SEGUNDA.- OBJETO

Esta convocatoria de subvenciones, realizada por la Concejalía de Participación ciudadana del Ayuntamiento de Vigo, tiene por objeto conceder, en régimen competitivo, ayudas económicas(que están incluidos en la línea 4.7 de Promoción de actividades sociales: actividades de interés público realizadas a a través de grupos de personas, asociaciones, etc. del Plan Estratégico de Subsidios (PES) aprobado por la Junta de Gobierno Local en su sesión ordinaria del 03.08.2024) a las asociaciones vecinales y sociedades culturales sin fines de lucro que operen en el movimiento



Mércores, 25 de setembro de 2024

Núm. 187

vecinal, legalmente constituidas como tales, para el desarrollo de actividades y programas de interés general. Tienen como objetivo promover el asociacionismo y la participación ciudadana, con el fin de fortalecer la capacidad de autoorganización de las entidades asociativas y posibilitar el fortalecimiento del tejido social y la promoción de la calidad de vida y el bienestar social de los ciudadanos.

Se consideran programas necesarios para el normal funcionamiento de la entidad, para el cumplimiento de sus fines y el desarrollo de sus actividades sociales, los siguientes programas que se pretenden fomentar:

1. Programa I: “Gastos de mantenimiento”: gastos corrientes de funcionamiento y mantenimiento de la sede y de sus instalaciones sociales, entendiéndose como tales, aquellos que permitan el normal funcionamiento de las entidades vecinas beneficiarias, como por ejemplo:

- Suministros: agua, electricidad, gas, calefacción-aire acondicionado, teléfono, hosting y servicios web, mantenimiento de equipos de cómputo.
- Servicios generales: alarma, extintor, limpieza, prensa, gestión o asesoramiento jurídico o financiero de los procedimientos propios de la asociación.
- Seguro: seguro de responsabilidad civil que cubren los daños que puedan causarse a terceros, seguros de accidentes y enfermedades derivadas directamente del ejercicio de la actividad realizada por los voluntarios en las entidades, seguros específicos para los participantes en actividades específicas (campamentos, pruebas deportivas) organizadas por entidades.
- Tasas :residuos industriales, comerciales y profesionales; Licencia de entrada de vehículos (vados).
- Comisiones bancarias: en los que incurra la entidad beneficiaria para la realización del proyecto subvencionado siempre que estén directamente relacionados con la actividad subvencionada y sean indispensables para la adecuada preparación o ejecución del mismo.
- Material fungible y/o material promocional: consumibles, correo, imprenta-copiadora, material de oficina, material publicitario o promocional.
- Reparación de averías menores y trabajos de mantenimiento: averías, carpintería-aluminio, electricidad, ferretería.
- Otro tipo de gastos de mantenimiento a especificar por casa entidad.

También se admitirán como gastos indirectos, los costes totales del personal contratado en que la entidad incurra para la gestión, mantenimiento, y administración del local social, hasta un máximo de un 10% adicional del importe del proyecto de gasto directo y que no estén subvencionados por otro servicio municipal.

2. Programa II: “Gastos de mantenimiento de entidades vecinales que no dispongan de locales municipales en régimen de cesión o en otras condiciones de libre utilización: sólo aquellas entidades que demuestren el desarrollo de una actividad de utilidad



Mércores, 25 de setembro de 2024

Núm. 187

pública o interés social o la promoción de un fin público para el cual deben contar con un local para poder realizarlo y que carecen de local municipal en régimen de cesión o en otras condiciones de libre uso. Estarán sujetos a subvención, exclusivamente, los gastos derivados del arrendamiento de locales (base imponible + IVA) y los gastos derivados del Impuesto sobre Bienes Inmuebles (IBI) cuando dichos gastos son estrictamente necesarios para poder realizar la actividad subvencionada referida.

3. Programa III: “Gastos de inversión: equipamiento”: equipamiento de la sede social mediante la adquisición de bienes muebles inventariables (se considera material inventariable aquel que no es susceptible de deterioro rápido por su uso, formando parte del inventario de la entidad);
 - Material informático: equipo informáticos, portátiles, periféricos y accesorios, software personalizado...
 - Material audiovisual: proyector, cámaras fotográficas/video, equipos de sonido, luz...
 - Mobiliario de oficina y similares.: mesas, sillas, estanterías, Armarios, radiadores...
 - Material para actividades: equipamiento deportivo, menaje del hogar, bricolaje, tiendas de campaña...
 - Otro tipo de equipamiento a especificar por cada entidad.
4. Programa IV: “Gastos de inversión: obras y adquisición de inmuebles”:
 - Adquisición, Obras de nueva construcción, reforma, rehabilitación o conservación de bienes inmuebles e instalaciones sociocomunitarias, situadas en el término municipal de Vigo, ocupado, tanto en régimen de propiedad privada, como en cesión (pública o privada) o en alquiler ejecutados o pendientes de ejecución por la entidad beneficiaria, tanto con fondos propios como con la colaboración de otras entidades públicas y privadas.
 - Obras destinadas a la mejora de la accesibilidad y eliminación de barreras arquitectónicas y similares.
 - Se pueden incluir, como gastos indirectos, hasta un máximo del 20% del presupuesto de la obra presentada, los desembolsados en el proyecto, estudios previos, obtención de licencias y permisos, impuestos, gastos notariales y registrales, y similares, siempre que tengan relación directa con la actuación subvencionada y sean indispensables para la adecuada ejecución o preparación de la misma.

TERCERO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas por la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo de 23/08/2024, y publicado en el Boletín Oficial de la Provincia, en el portal de transparencia y en la página web del Ayuntamiento de Vigo (www.vigo.org)



Mércores, 25 de setembro de 2024

Núm. 187

CUARTO.- IMPORTE TOTAL Y CRÉDITO PRESUPUESTARIO

El importe total destinado a estas subvenciones para el presente ejercicio presupuestario es de 450.000.00 € (cuatrocientos cincuenta mil de euros), distribuido de la siguiente manera:

1. Programas I y II: 250.000€ (doscientos cincuenta mil euros), que será efectiva con cargo a la aplicación presupuestaria 9240 4890000, llamada "Subvenciones a entidades públicas" del ejercicio actual presupuesto. La subvención para este concepto, no podrá exceder, en ningún caso, el límite de 7.000€ en el Programa I y 4.000 € para el Programa II.
2. Programas III y IV :200.000 € (doscientos mil de euros), que será efectiva con cargo a la aplicación presupuestaria 9240.7800010, llamada Subvenciones Asociaciones de Capital y Atrios del actual presupuesto. La subvención por este concepto en ningún caso podrá superar los 5.000 € en equipamiento y en el programa de obras el 80% del coste total del proyecto o, en todo caso, los 15.000 € , excepto en el caso de obras destinadas a mejorar la accesibilidad y eliminación de barreras arquitectónicas y similares que podrán llegar al 100% del coste total del proyecto, con un límite, en todo caso, de 19.000 €.

QUINTO.-SOLICITUDES Y PLAZO DE PRESENTACIÓN

En cumplimiento de la obligación que impone el artículo 14.2.a) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (LPAC), el empleo de manera exclusiva de medios electrónicos (procesamiento en línea) presentar y tramitar la solicitud de esta subvención a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Vigo, a través del Registro General (tramitación por Internet).

Para dicho procesamiento Se requiere identificación de la entidad solicitante y la firma electrónica de su representante legal., por cualquiera de las modalidades aceptadas por el Ayuntamiento de Vigo, que se puede consultar en el enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

El plazo de presentación de las solicitudes y de la correspondiente documentación complementaria, será de 15 días hábiles, contados a partir del día siguiente de la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia, el cual será comunicado desde la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) que opera como un sistema nacional de publicidad subvencionada en los términos del art. 30 de la LPAC.

Las solicitudes de subvención se presentarán, debidamente cumplimentadas, en los formularios oficiales aprobados con estas bases, que estarán disponibles en la página web (www.vigo.org), y firmado electrónicamente con carácter previo a su presentación a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Vigo.

Pontevedra, 23/08/2024

Abel Caballero Álvarez, Alcalde



Mércores, 25 de setembro de 2024

Núm. 187

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO DE 23/08/2024,
POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA
PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2024.*

BDNS(Identif.):786623

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/786623>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- OBXECTO

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas (que se integran na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024) ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

1. Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:



Mércores, 25 de setembro de 2024

Núm. 187

- Subministrados: auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos.
- Servizos xerais: alarma, extintor, limpeza, prensa, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación.
- Seguros: seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades.
- Taxas: lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados).
- Comisións bancarias: nas que incorra a entidade beneficiaria para a realización do proxecto subvencionado sempre que estean directamente relacionados ca actividade subvencionada e resulten indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
- Material funxible e/ou material promocional: consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina, material publicitario ou promocional.
- Reparación de pequenas avarías e labores de conservación: avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería.
- Outro tipo de gastos de mantemento a especificar por cada entidade.

Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os custes totais do persoal contratado nos que incorre a entidade para a xestión, mantemento, e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos e que non sexan subvencionados por outro servizo municipal.

2. Programa II: “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base imponible + IVE) e os gastos derivados do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida.
3. Programa III :”Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade);
 - Material informático: equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...



Mércores, 25 de setembro de 2024

Núm. 187

- Material audiovisual: proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz....
- Mobiliario de oficina e similares: mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores...
- Material para actividades: material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas...
- Outro tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

4. Programa IV: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”:

- Adquisición, obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarios, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- Obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares.
- Poderán incluírse, como gastos indirectos, ata un máximo dun 20% do orzamento da obra presentado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrals, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesma.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de 23/08/2024, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 450.000,00 € (catrocentos cincuenta mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

1. Programas I e II: 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada Subvencións a entidades cidadás do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto, non poderá superar, en ningún caso, o límite de 7.000 € no Programa I e 4.000 € para o Programa II.
2. Programas III e IV: 200.000 ? (douscentos mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada Subvencións Capital Asociacións e Atrios do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €.



Mércores, 25 de setembro de 2024

Núm. 187

QUINTA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña) para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet).

Para dita tramitación requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Pontevedra, 23/08/2024

Abel Caballero Álvarez, Alcalde

